



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 42 – OUTUBRO 2008

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo Tfno.: 982 245 142

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

ACTIVIDADES REALIZADAS

Expolugo 2008

Como cada ano, OVICA estivo presente en Expolugo. Nesta edición do 2008 contouse con representación dalgunhas das razas presentes en Galicia (Charollais, Berrinchon, INRA 401, Merina, Latxa e Murciano-Granadina). OVICA tamén participou no desfile de gando polo centro da cidade que deu comezo ás festas de San Froilán. Queremos agradecer ós socios/as que cederon os seus animais a súa colaboración nesta feira.

No marco desta feira a ADSG ACIVO organizou unha xornada técnica sobre a lingua azul na que os asistentes puideron escoitar a situación actual da enfermidade da man do xefe de servizo de sanidade animal de Lugo.



Demostración de manexo de rabaños con cans

O pasado venres 17 de outubro de 2008 realizouse no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo unha charla formativa e unha demostración de manexo de rabaños con cans adestrados, da raza Border Collie a cargo de Alejandro Ibarra Artús. Tanto os socios que se achegaron como os que o viron polos medios de comunicación puideron comprobar a s habilidades deste tipo de cans.

Membros da Asociación Mendilur Elkarte explicaron os novos proxectos nos que están a traballar co fin de promover o benestar psíquico, físico e social a través do traballo con animais, en concreto con cans.



RAZA: DORPER



Orixinaria de Sudáfrica no 1930 foi creada a partir do cruce das razas Dorset Horn e Black Head Persian. Hoxe en día, críanse dos tipos de cores: Dorper con una cabeza negra y Dorper branco.

A Dorper é unha raza capaz de soportar os ambientes máis severos, de climas e temperaturas extremas como son as condicións áridas de Sudáfrica (duros invernos e altas temperaturas do trópico húmido ou seco).

Unha das súas principais características é que non teñen la. Isto permite reducir os custos de produción ademais do traballo puntual da rapa.

- Carneiros: altura a la cruz: 65 cm
peso: 110-130 Kg

- Ovellas: altura a la cruz: 60 cm
peso: 90-100 Kg

- Prolificidade: o redor do 1,5

- As femias teñen un forte instinto maternal.

- As crías chegan os 40 Kg de peso vivo con 3,5 meses de idade.

- A canal é compacta, ben proporcionada e dunha excelente conformación.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA - VENTA

- Como Cabras S.C.G. (Castro Caldelas, Ourense). Tfno.: 659 083 339 – 628 474 264, vende:
 - Cabritos vivos, de poucos días, para criar na casa, 20 €/unidade.
 - Cabritas raza murciano - granadina para recría, 135 €/unidade.
 - Esterco de cabra.
- Véndese carneiro de 4 anos – A Estrada (Pontevedra) Tfno: 986 588 380 (Venancio).
- Véndese camada de Border Collie. Os Carrís – Lán cara (Lugo) Tfno: 981 569 347 (Juan).
- Véndese rolos de herba seca en Calvos de Randín (Ourense) Tfno: 629 756 129 (Francisco).
- Véndese cachorros de mastín (Vilasantar) Tfno.: 650 420 047 / 630 170 836.
- Véndese 20 ovelas en Maside (Ourense) Tfno.: 608 883 086.
- Regálanse cachorros de mastín en Ordes (A Coruña) Tfno.: 981 689 073 (José Manuel).

ACTIVIDADES VINDEIRAS

Charla Lobo

O vindeiro 8 de novembro OVICA participará na mesa redonda do II Encontro do Lobo que terá lugar no CEIDA, en Oleiros (A Coruña).

Semana Verde 2008 – Silleda

O vindeiro mes de novembro, do 19 o 23, celebrarase en Silleda a XXXIª edición da Semana Verde. Como ven sendo habitual, OVICA estará presente no noso stand e cunha representación de razas de ovelas e cabras.

Seguros de recollida e de explotación

OVICA exercerá a actividade de mediador de Seguros Agrarios Combinados como Axente de Seguros Exclusivo para RGA seguros (Aseguradora do Grupo Caixa Rural). OVICA formalizará as pólizas e suplementos e ocuparase da súa liquidación.

Así que, [se queres máis información ou tramitar a través de OVICA](#) o seguro de recollida de animais non bovinos mortos na explotación ou o seguro de explotación de gando ovino e caprino, [ponte en contacto coa asociación !!!](#)

Local de Lugo

OVICA traspasou a nova oficina de Lugo a actividade da asociación. Deste xeito a sede en Lugo de OVICA queda fixada no **Pazo de Feiras e Congressos de Lugo** e o novo teléfono de contacto coa asociación e o **982 24 51 42**, tamén podedes contactar a través do correo electrónico ovica@ovica.org.

O encalostramento

Agora comeza unha época cun elevado número de partos no que é imprescindible unha boa atención ó neonato. Entre esas atencións atópase o encostroamento.

O costro é a primeira secreción da mama despois do parto. É polo tanto o primeiro alimento que toman os recién nados. Contén unha elevada concentración de anticorpos, factores de protección, nutrientes, vitaminas, minerais... Cómpre tres funcións básicas:

- Aporte de enerxía.
- Efecto laxante para liberalo meconio (os primeiros excrementos).
- Protección fronte a infeccións.

Recoméndase unha cantidade de 160-180 ml/q.p.v. repartido en catro tomas nas primeiras 18 horas de vida. Na eficacia da súa absorción inflúen factores como o tempo dende o nacemento ata a toma, o sufrimento no parto, etc. Factores que inflúen na calidade do costro son a idade da nai, nº cordeiros nados, nutrición/condición corporal da nai, dificultades no parto, xenética, duración da xestación... Cando non se dispón de costro suficiente ou de boa calidade pódese dar costro doutras ovelas, costro conxelado ou comerciais. Os problemas que se poden derivar dun mal encostroamento son a síndrome de boca mollada e a hipotermia, que poden desencadear un mal desenrolo do animal ou incluso a súa morte.

Polo que o encostroamento é fundamental para un crecemento adecuado e unha protección longa e duradeira do cordeiro.

Para calquera cuestión, non dubidedes en falar co voso veterinario da **ADSG ACIVO**.



ADSG ACIVO
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira
de ovino e caprino de Galicia

OVICA
evolución na calidade